

As paredes que se empequenecen e te atrapan. Esa porta pola que entraches que agora xa non existe. Coma unha cortiña que se vai levantando pouco a pouco mostrándote unha realidade anteriormente inexistente. As paredes póñense preto entre si facendo a miña nova realidade un perigo contra o que loitar. Ir dun lado a outro; mais todo semella igual, negras paredes que empurrar e que te devolven a súa forza. Unha única luz no teito imperturbable, sen saltar a alcanzo, golpéame a cabeza nas miñas carreiras, luz e de golpe escuridade. As paredes esvaran, unha nova cortiña, un novo cuarto transparente. Dun lado luz estrelecete e solitaria. Unha realidade que parece apertarte ata afogarte. Doutro lado unha escuridade mergullante. Paz sen fin. A luz segue enriba de min facéndome agocharme no meu ser. As novas realidades me chaman a facer unha decisión, correr, queimar ou afogar, paz ou calor. Camiñar uns metros e dar a volta, non parece ter ningunha sentido. As voces comezan a chamar, dinme que os siga, oxalá saber dende onde me chaman. Outra vez camiñar e dar coa lámpada na cabeza, dun lado a outro. Ata que as cadeas aparecen, coma unha cortiña sobre min que non cheguei a vislumbrar. As paredes volven aparecer, un castigo por non escoller, as voces seguen a soar, cúlpame de non atopalas. Se se calaran uns segundos podería pensar, as paredes seguen a achegarse e as cadeas aprétanme. Berro por primeira e única vez, un sonoro: "silencio" que rebota nas paredes volvéndose contra min. Xa non hai máis que iso. Menudo drama máis innecesario, poderían dicirme directamente o que queren que faga. Para que me piden que o escolla eu? Presa sen futuro de redimirme. Resolver semella aplastar entre as realidades. Pregúntome se caerá unha nova cortiña, algo que mostre a saída ou o camiño. As paredes achéganse ata tocarme, a lámpada comeza a estremecerse, semellando caer sobre min. De verdade que non me importa ata onde seguir, soamente quero que me ilustren. As malditas voces continúan, como se de verdade dixeran algo, pura mentira sen propósito. Non quero escoller pero tampouco que me mintan. As voces calan e volven falar, calan e volven falar, desaparecendo cada vez máis delas. Ata que soamente queda esa, agora xa o sei. Ven de enriba miña, desa lámpada que me golpea ata facerme ver a luz. O meu destino quedou marcado, marcado por unha dor que me fai estremecer. Estremecer, axeonllarme e saltar, quebrando a lámpada. Sen luz non hai paredes, non hai voces, non hai cadeas, soamente unha paz que me traga no seu interior. Xa non teño que escoller.